

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de abril de 2021**

Ás 17.05 horas do día 22 de abril de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339664>), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventora: D.^a Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 18 DE MARZO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 18 de marzo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 18 de marzo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A SOIDADE NON DESEXADA

D.^a Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista, dá conta detallada da moción presentada.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que esta é unha problemática que nos preocupa a todos. Pregunta se o Partido Socialista levou esta cuestión ao Parlamento de Galicia. Non lle gustan as duplicidades de debates xa que se deben debater as cuestións nas institucións nas que se levan a cabo. Considera que a soidade dos maiores é un problema. Consulta se este tema o debateron a nivel autonómico. Espera que lle contesten. Quere ter información do que está a facer a Xunta de Galicia ou a Cruz Vermella sobre este tema. Por iso non toma posición e abstérase ata o día do pleno.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, sinala que este é un tema moi importante na provincia de Ourense, debido ao envellecemento da poboación e a gran cantidade de persoas que viven soas na provincia. A nivel galego falecen persoas soas nos seus fogares. É un problema de soidade e tamén de parellas que están en situación de abandono ou preocupante. A súa postura é construtiva. Sinala que no parlamento galego o Partido Socialista levou unha moción. Sinala que farán algún engadido para poder enriquecer esta moción, esperando que o partido socialista poida aceptala. Fai reserva de voto. Conclúe indicando que a idade da poboación na provincia é ampla e tamén en Galicia, e a pandemia agravou a situación.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta que se absterá de momento, e deixa as súas reflexións para o Pleno.

A presidenta da comisión indica que tamén deixa as súas reflexións para o Pleno. Fai reserva de voto para o día do Pleno. Non é un problema de hoxe nesta Deputación. Está de acordo que a pandemia agravou a situación de soidade dos nosos maiores. Dende a Deputación a teleasistencia se mantivo e mellorouse o servizo. Concorde con dona Montserrat Lama en que este tema xa se tratou, segundo indicou D. Bernardo Varela, no Parlamento de Galicia. Vota

en falla que non se lle exixa ao goberno da nación que é quen ten as maiores competencias e maiores posibilidades de realizar propostas e acadar solucións que nos axuden a resolver este tema. Engade que non é un problema só de España, no Reino Unido creouse xa un Ministerio da Soidade. Tamén é un problema nos países nórdicos, Finlandia e Suecia. Ofrece datos destes países nos que se falaba da soidade. Este é un debate necesario, pero debería ser noutros foros, para poder ter recursos. De aquí ao Pleno elaboraran os argumentos e propostas para esta triste realidade actual.

D.^a Margarita Pérez Fernández do Grupo Socialista, engade que esta é unha situación preocupante que viven moitos dos nosos maiores, e unha soidade non desexada. E moi triste que unha persoa se sinta soa. Os representantes políticos, deben debater no Estado, Xunta, Deputación ou nos concellos, porque dese debate poden saír propostas interesantes, e se sae unha, sería un gran logro poder axudar á xente soa. Sinala que debemos ter posturas contrastivas entre todos. A xente maior que está soa pasouno mal neste último ano e seguen pasándoo mal. Conclúe indicando que debemos pensar neles para mellorar a súa situación.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, sinala que concorda coas palabras da compañeira Margarita Pérez, xa que é unha cuestión moi triste. Neste tema non debe haber cuestións políticas, xa que lles preocupa a todos. Non comparte a idea de debater e debater. Indica que debemos actuar, con instrumentos que dean solucións. Engade que, como dixo a compañeira Luz Doporto, é importante o labor realizado pola Deputación a través da teleasistencia e destaca ese labor feito. Tamén destaca o labor da Consellería así como da Cruz Vermella que fai un importante labor de acompañamento destas persoas. Sinala que é importante debater, pero a xente por desgraza está aburrida de nós, e critica que non sexamos capaces de chegar a acordos. Sinala que é o momento de actuar, con accións e previsións, e se o que pretenden xa o levaron ao Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia, non imos sacar nada novo na Deputación. Estes debates serían interesantes no Pleno do Estado da Provincia, xa que ela achegou solucións, como a súas propostas das vivendas colaborativas, que se fan nos países nórdicos e funcionan moi ben. Lévaas propoñendo ao Pleno do Estado da Provincia hai dous anos. Destaca que para o Goberno de España, Ourense non nos consideran “España Vaciada”, polo número de habitantes. Conclúe indicando que esta non é a institución na que tiñan que traer esta moción de novo, pero que a preocupación sobre o tema é de todos.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a realizar, de xeito urxente, unha diagnose da soidade non desexada mediante estudos que reflictan esta realidade na provincia de Ourense.

2º.- Elaborar de xeito prioritario, en función dos resultados do dito estudo, un plan galego para a soidade non desexada.

3º.- Remitirlles o acordo plenario aos grupos parlamentario do Parlamento Galego.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA Á DEFENSA DO SERVIZO POSTAL PÚBLICO DE CORREOS NA PROVINCIA DE OURENSE.-

A **presidenta da comisión** indica que como todos teñen o texto da moción, dá conta resumida da moción presentada.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, considera que é unha moción clara e xusta para os traballadores/as da provincia de Ourense para que a veciñanza poida recibir o correo cinco días da semana. Considera que é unha moción xusta e reivindicativa para no perder servizos. Indica que votará a favor.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, sinala que esta é unha cuestión que lle corresponde ao Parlamento do Estado. Parécelle que é unha moción tipo, non centrada na provincia de Ourense. Destaca que estes días o Concello de Pontedeva se fai cargo do reparto de correos, porque aos veciños non lles chega. Considera que é unha moción que podemos debater e ten moita razón. Alégrase de que o PP a traia. Parécelle conveniente e defende a Correos que é un servizo de todos. Fai reserva de voto.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, manifesta que se absterá e deixará o debate para o Pleno.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pide unha aclaración, xa que na introdución fala de permanencia nesta Deputación.

A **presidenta da comisión** responde que se deu conta deste erro. Débese entender que onde pon Deputación debe dicir provincia.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pide que se hai que debater se debata. Son cuestións que non son para debater nesta Deputación. Unha vez que traen a moción, desexa facer aclaración e matizacións. Indica que na moción Correos publicou un beneficio de 4.7

millóns no primeiro trimestre, e na moción do Partido Popular, pídese reforzar o financiamento. Non comprende como co beneficio obtido por Correos, piden na moción ese financiamento. Destaca que non fai falla abrir máis oficinas de Correos, senón que cheguen ao cidadán. Fai reserva de voto, e debaterán no Pleno.

A presidenta da comisión responde que nesta moción trae datos concretos que afectan a esta provincia. Descoñecía que o Concello de Pontedeva teña que asumir ese servizo. Desmantélase un servizo, e, en referencia a don Álvaro Vila, di que hai que poñer máis “pasta”. Esta é unha cuestión de financiamento. Se esta empresa pública dá beneficios, que se invistan na propia empresa. Destaca que o que inclúe a moción é importante para este servizo. Destaca que hai interese do goberno central para dismantelar o servizo. Pídelle ao deputado que cambie a argumentación.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que hai diferenzas con respecto á moción anterior presentada polo partido socialista, xa que falaba dun “plan”, pero non se concretaba. Considera que esta moción é diferente. Manifesta que ela se sente libre para expresarse, non obstante, no Partido Socialista, sinala que está debaixo o “látigo” do partido. Conclúe que se hai que debater non hai problema e falarase no pleno con educación e respecto.

D. Armando Ojea Bouzo, portavoz de Democracia Ourensana, pide desculpas pola desconexión, xa que está asinando uns documentos de expropiacións e tivo que cambiar de despacho.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, sinala que aínda que poida levantar a voz no debate, nunca falta ao respecto nin individual nin colectivamente. Engade que cando falaba dos 4.7 millóns de euros, era para sinalar a incoherencia da moción, xa que non está “traballada”. Destaca que hai incongruencias na moción. Hai dous puntos de dubidosa efectividade. Correos ten uns vinte millóns de euros anuais de beneficios e vostedes piden reforzar o financiamento. Non defende a xestión de Correos. Engade que terán que reorganizar o servizo, pero destaca que obtiveron beneficios. Fai unha reserva de voto, entrarán no fondo no Pleno.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, pídelle a don Álvaro Vila e aos seus compañeiros que sexan libres e que cite o seu nome, e non se dirixa a ela como “algunhas”. Pídelles a el a aos seus compañeiros que sexan libres e pide respecto e que non lles impidan no seu partido citar o seu nome, que é Montse Lama. Destaca que ela non ten ningún

problema persoal co secretario provincial do Partido Socialista, don Rafael Rodríguez Villarino, pero este ten un problema persoal con ela, e considera que é unha falla de respecto dirixirse a ela como “algunha”. Pídelle a don Alvaro Vila respecto e educación e que é unha pena que se deixen levar pola “*peor persoa que pariu a política nesta provincia*”.

A presidenta da comisión pide que non se entre en interpelacións, que manifestemos o que pensamos en cada punto e que non fagan ataques persoais durante as comisións. Pide que non fagan ataques persoais. Roga que intenten evitalo.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, en relación co que lle pide, dálle as “*boas tardes, fermosas tardes aquí en Taboadela*”..

A presidenta da comisión sinte que puntos tan importantes se defendan e debatan nos foros nos que hai que debatelos.

D.^a Montserrat Lama Nóvoa, deputada non adscrita, indica que non se pode permitir que se refiran a unha compañeira como “algunhas” e menos na Comisión de Igualdade. Son moitos plenos e moitas comisións nos que se produce unha falla de respecto á súa persoa, e que moitos a comparten.

A presidenta da comisión sinala que ningún queremos facer dano e ofender a ningún compañeiro. Engade que coñece a Álvaro e sabe que non é desas persoas. Ás veces o fragor do debate leva a utilizar unha palabra inadecuadamente. Esta é a Comisión de Igualdade e ten que empezar polo respecto entre os compañeiros. Roga que non se firan entre compañeiros.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, daba por pechado o debate. Sobre as alusións que fan sobre liberdade, indica que el xa ten 56 anos en liberdade. Que non permite unha falla de ética, non o permite. Sinala que non lle faltou a ninguén ao respecto e non entra en provocacións. El non lle falta ao respecto a ninguén.

A presidenta da comisión sinala que non lle pechou a don Álvaro Vila a posibilidade de explicarse. Que ela non se deu por aludida e lle deu a palabra. Ela non dubida que don Álvaro Vila non quixo ofender a ninguén. Quixo facer de árbitro. Engade que podemos sentarnos e chegar a ver que non estamos atacándonos, nin a el nin a Montse Lama. Intentaba pechar o debate para que non se sentira agraviada unha compañeira por unha expresión. Expresión que moitas veces non se din con afán de ofender e non é como se din, se non como se sentan. Non quixo cortar a palabra, intentou mediar.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Requiririlles á SAE Correos y Telégrafos SME; á Sociedad Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), ao Ministerio de Facenda; ao Ministerio de Transportes, Mobilidade y Axenda Urbana e ao Goberno da Nación, para que adopten as seguintes medidas que entendemos necesarias para garantir a prestación do servizo postal público e a súa permanencia nesta Deputación:

I.- Reforzar o financiamento do servizo público postal, claramente insuficiente na actualidade, no próximo Plan de Prestación para aprobar polo Consello de Ministros, de modo que se asegure un servizo de calidade para o conxunto da cidadanía. Tamén para asegurar a cohesión social, económica e territorial.

II.- Incluír a Correos, a maior empresa pública do noso país, no reparto dos fondos para a recuperación, transformación e resiliencia, para que xogue un papel clave na resposta que, como sociedade, debemos darlle á crise sanitaria e económica provocada pola Covid.

III.- Actualización e mantemento das oficinas auxiliares (rurais) e unidades de reparto existentes nas zonas rurais, claves na reversión da “España baleirada”. É a única maneira de contribuír a que aquelas áreas xeográficas de reparto deficitarias economicamente poidan gozar dun servizo postal en igualdade de condicións respecto á poboación dos grandes núcleos urbanos

IV.- Reforzo da capilaridade de Correos, ampliando o número de oficinas, unidades de reparto e centros de tratamento co fin de lograr o maior achegamento ao/á cidadán/á e lograr as condicións óptimas de accesibilidade marcadas pola Lei postal e a Directiva Postal Europea.

V.- Garantir a cobertura dos postos de traballo estruturais necesarios, na actualidade insuficientes, para garantir un servizo postal público de calidade con emprego e dereitos.

VI.- Instar o cumprimento dos parámetros de calidade determinados pola Lei postas e o Regulamento que regula a prestación do servizo postal universal, e, en definitiva, que se aborde de forma eficaz e eficiente o correcto e necesario desempeño da prestación dos servizos postais públicos, co obxectivo de asegurar a todos/as os/as cidadáns/ás da provincia de Ourense a recepción da súa correspondencia, polo menos 5 días á semana, como se encontra tamén establecido na Directiva Postal Europea.

2º.- Darlles traslado deste acordo ao Goberno da Nación e a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, á Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), ao Ministerio de Transportes, Mobilidade y Axenda Urbana e ao Ministerio de Facenda, co fin de que se resitúe ao correo público na axenda do goberno para a recuperación, transformación e resiliencia do noso país.

4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

A **presidenta da comisión** pide desculpas se polas súas expresión se sentiron molestos, e se nalgún momento estivo pouco hábil. Roga que se utilicen os nomes dos compañeiros e que as distancias políticas non nos afasten das persoas.

E, ás 18.04 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.